

**GUÍA PARA A PLANIFICACIÓN E REALIZACIÓN DAS
ENQUISAS DE AVALIACIÓN DOCENTE
DO PROFESORADO DA
UNIVERSIDADE DE VIGO**

CURSO 2019-2020

SETEMBRO – 2019

ÍNDICE

| | |
|---------------------------------------|---|
| A ENQUISA DE AVALIACIÓN DOCENTE..... | 1 |
| OBXECTIVOS | 1 |
| PLANIFICACIÓN..... | 2 |
| INSTRUCCIÓN PARA A PLANIFICACIÓN..... | 3 |
| REALIZACIÓN | 4 |
| CRONOGRAMA..... | 5 |
| CONTACTO | 5 |

A ENQUISA DE AVALIACIÓN DOCENTE

A enquisa de avaliación docente constitúe o instrumento no que se concreta o artigo 97.c dos Estatutos da Universidade de Vigo: ***“Valoración obxectiva dos estudantes sobre a docencia recibida, especificada por materia e profesor, realizada con garantías técnicas suficientes”.***

É un instrumento institucional que procura a mellora da docencia, permitíndolle ao profesorado coñecer a opinión dos estudantes sobre o seu labor como docente, e así facer unha reflexión crítica do seu propio traballo para mellorar os aspectos máis frouxos e reforzalos máis positivos.

É preciso que esta ferramenta sexa utilizada co sentido da **responsabilidade** que cabe esperar dos estudantes universitarios.

A utilización das enquisas como método de mellora docente depende da **credibilidade** que ofrecen os seus resultados e, a súa vez, isto depende da **actitude** que os estudantes teñan á hora de cumprimentalas e da **eficacia e seguridade** do proceso de realización. O que se solicita aos estudantes ao cumprimentala enquisa é a súa opinión honesta e responsable, expresada sen ningún tipo de coacción e con garantía de anonimato.

A participación activa, responsable e honesta dos estudantes nas enquisas de avaliación docente favorece os seus propios intereses **aínda que os resultados non sexan apreciables de inmediato**. O labor de difusión da importancia das enquisas, de eliminación de malas prácticas na súa realización e de animación á participación, debe implicar a todas as partes interesadas: alumnado, profesorado e responsables de centros e titulacións.

OBXECTIVOS

- Realizar a avaliación institucional na totalidade da docencia dispensada na Universidade.
- Realizar a avaliación institucional nunhas condicións e seguindo uns procedementos cos que queden totalmente garantidas a seguridade, a fiabilidade e a transparencia do proceso.
- Procurar a máxima participación posible dos estudantes divulgando a importancia da enquisa de avaliación docente na mellora da calidade.
- Evitar erros e incidencias na realización e minimizar as reclamacións por ese motivo.

PLANIFICACIÓN

A planificación ten por finalidade a determinación das consultas a realizar a cada docente en cada unha das materias das titulacións oficiais que se imparten nos centros da Universidade de Vigo.

O obxectivo é fixar o día, hora e lugar de realización de cada enquisa de avaliación e deste xeito evitar que se efectúen menos enquisas das que se debería ou que existan repeticións innecesarias.

Como medio para determinar a planificación das enquisas habilitouse o apartado “Planificación das Enquisas de Avaliación da Actividade Docente” na Secretaría Virtual (<https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/>).

A esta aplicación poderán ter acceso dous perfís de usuarios en dúas fases distintas:

1. Inicialmente o profesorado de xeito individual planificará persoalmente as enquisas das materias que imparte nas titulacións oficiais, concretando a data, horario e lugar de realización.
2. Finalizado este prazo de planificación individual, naqueles casos e materias nos que o profesorado non tivese planificada a realización das súas enquisas, as persoas responsables dos Centros (coordinadores de titulacións e de calidade) ou aquelas designadas por estas, completarán as planificacións correspondentes nas súas titulacións adscritas. Para levar a cabo esta tarefa, na Secretaría Virtual das persoas designadas polos Centros, habilitarase unha funcionalidade para cumprimentar as planificacións pendentes. Para facilitar a xestión, os datos estarán organizados por titulacións.

Rematados estes dous prazos, realizarase unha revisión de toda a base de datos de planificación para coñecer a listaxe das enquisas pendentes de planificar, co obxecto de realizar un derradeiro aviso a través do correo electrónico para que o profesorado ou os responsables dos centros poidan completar a planificación de todas as súas materias.

A non planificación das enquisas implica a non realización destas, e as repercusións que se deriven deste feito nos procedementos de avaliación do profesorado, centros e titulacións.

Para a determinación do profesorado, así como, das materias e grupos para a planificación das enquisas empregouse o Plan de Ordenación Docente (POD) para o curso 18-19, aplicándose os seguintes criterios:

- Impartir como mínimo 10 horas presenciais por grupo de estudantes nos títulos de Grao.
- Impartir como mínimo 6 horas presenciais por grupo de estudantes nos títulos de Mestrado.
- No caso de impartir docencia en máis dun grupo, a aplicación recollerá para a planificación das enquisas como criterio xeral, os grupos grandes (grupos A), de xeito que non aparecerán o resto de grupos. De non impartir a grupos grandes (A), recollerá os grupos medianos (B) e así sucesivamente.

En todo caso, hai que ter en conta que o POD elabórase antes de comezar o curso e pode estar suxeito a modificacións por diversas causas (variacións na estimación da matrícula, baixas médicas, permisos, cambios de docencia e outras incidencias) e, polo tanto, na realidade pode que se produzan variacións respecto do indicado no formulario, tanto no profesorado coma nos grupos previstos. Tamén é preciso sinalar que o número de horas que aparecen no formulario de planificación son as horas que imparte o/a docente ao grupo, non as horas totais que imparte na materia.

A partir desta información facilitada, e previamente á determinación da data, lugar e hora para a realización das enquisas polo persoal encargado da súa realización, é preciso **a revisión dos datos consignados** para asegurar que se corresponden coa realidade da docencia dispensada, e **ter presente as instrucións contidas na páxina 3** desta Guía.

INSTRUCCIÓNS PARA A PLANIFICACIÓN

1. Deberase acceder á aplicación “Planificación das Enquisas de Avaliación da Actividade Docente” a través da Secretaría Virtual (<https://seix.uvigo.es/uvigo.sv/>).
2. Han de revisarse os datos de planificación contidos no formulario, e completaranse todos os apartados do mesmo: o día da semana, hora e o lugar (aula, laboratorio, seminario, etc.) nas que terá lugar a avaliación da materia en cada un dos grupos previstos. Ademais, existe un campo de observacións no que poderá realizar algunha aclaración para a realización correcta da enquisa (p.ex. denominación correcta do grupo, realización ao inicio ou ao final da clase,...). Neste campo NON se planificará ningunha nova enquisa, para elo é preciso realizar un novo rexistro.
3. Poderanse engadir profesor/es, grupo/s ou materia/s que non aparezan no formulario, mediante solicitude á Área de Calidade e tendo sempre en conta os criterios establecidos para a planificación de enquisas. En todo caso, non aparecerá, nin se poderá engadir no formulario de planificación de enquisa aquel profesorado que non veña recollido no POD.
4. Deberanse planificar enquisas para cada un dos grupos nos que o profesor/a imparte docencia na/s materia/s e que aparecen recollidos no formulario de planificación.
5. Non se planificarán enquisas nos grupos de prácticas para aquelas materias nas que as prácticas consistan na realización dun traballo e acceso libre ó laboratorio correspondente (*a experiencia demostra que a presenza no laboratorio nun día e hora concretos é moi limitada, os cuestionarios cumprimentados non acadan o mínimo requirido para ser tidas en conta unha vez procesados*).
6. A planificación farase **preferentemente** nos períodos previstos (ver apartado Cronograma), pero esas datas non son pechadas, xa que nalgunha titulación pode haber situacións específicas que fagan aconsellable modificar ditas datas. En todo caso, deberase evitar no posible que as datas de realización estean próximas á celebración de exames. O establecemento de planificación fóra das datas previstas debe comunicarse previamente á Área de Calidade.
7. Deberanse fixar tres datas posibles dentro do período establecido para a realización da/s enquisa/s (en previsión de que non puidese levarse a cabo en algunha das datas marcadas).
8. Casos especiais:

Materias para as que a docencia xa rematou cando se inicia o período de realización das enquisas. Pode presenta-las seguintes variantes:

- **Finalizou toda a docencia na materia.** Neste caso pódese planificar a enquisa nas horas de docencia correspondentes a algunha outra materia que poida ter un alto número de alumnos/as coincidentes.

É imprescindible que o profesorado tanto da materia que finalizou como da materia que aínda se está a impartir consinta a realización da enquisa. Cando se realice, solicitarase resposta unicamente aos estudantes que cursaron a materia e efectuarase unha enquisa de xeito independente para cada profesor/a que a dispensou, o que se recollerá tamén no Documento de Aplicación. Este Documento deberá ser asinada polo/a profesor/a presente na aula, que será o garante da correcta realización da enquisa.

No caso dos Mestrados, o Coordinador/a, previo acordo co alumnado, poderá fixar unha/s data/s para a realización de todas as enquisas pendentes.

- **Mantense parte da docencia na materia.** Neste caso cómpre pasar a enquisa do profesorado que xa non ten docencia nas consultas que se realicen na parte da materia con docencia.

É imprescindible que tanto o profesorado que finalizou a docencia na materia como o profesorado que aínda a está a impartir consinta a realización da enquisa.

9. Unha vez planificadas as enquisas, cada docente a través da secretaría virtual terá acceso á información sobre ás datas e horarios nos que se realizarán a enquisa ou enquisas ao seu alumnado, e poderá solicitar, se o considera preciso, o cambio da data de realización das mesmas hasta 7 días antes da realización da enquisa, mediante solicitude á Área de Calidade
10. Durante a fase de planificación individual das enquisas, o profesorado, poderá eliminar ou modificar os datos rexistrados ata que finalice o período de planificación correspondente. De igual forma, poderán facelo a/s persoa/s designadas polo Centro para a segunda fase de planificación de enquisas.
11. Si por algunha circunstancia non se realizase algunha das enquisas planificadas poderase volver a concertar a planificación contactando co Área de Calidade
12. Coa finalidade de mellorar o proceso, ante calquera incidencia derivada do proceso de avaliación pregámoslle se poña en contacto coa Área de Calidade

REALIZACIÓN

Planificadas as enquisas e distribuído o traballo entre o persoal encargado de realizalas, procederase á realización das mesmas de acordo coas seguintes instrucións de carácter xeral:

- A realización das enquisas débese levar a cabo sempre nas datas, horas e dependencias fixadas na planificación de cada unha das materias, profesorado e grupos.
- As enquisas que estivesen planificadas e que non se puidesen realizar por algunha circunstancia, rexistraranse indicando a causa pola que non se puideron levar a cabo.
- O persoal encargado de realizar as enquisas presentarse ao profesor/a identificándose como tal, contrastará os datos do Documento de Aplicación co profesor/a para asegurarse de que non hai erro de identificación da persoa, da materia nin do tipo de docencia e transmitirá ao profesor/a que pode estar presente na realización da enquisa (aínda que afastado dos alumnos/as, para garantir o cumprimento do procedemento).
- O trato e a presenza do persoal encargado de realizar as enquisas será sempre correcto. No caso de apreciarse unha actitude claramente negativa ou de falta de colaboración polo profesorado, daráselle conta á Área de Calidade que lle transmitirá dita circunstancia ao Coordinador/a para as Enquisas do Centro.
- Finalizada a realización da enquisa, o persoal encargado de realizar as enquisas solicitará a sinatura do profesor/a no Documento de Aplicación e no Sobre. **A sinatura constitúe a conformidade do profesor/a respecto de que a enquisa realizouse co seu coñecemento e coas garantías técnicas suficientes.**

CRONOGRAMA

PRIMER CUATRIMESTRE

Planificación

Realización da planificación polo Profesorado

26 de setembro – 13 de outubro de 2019

Realización da planificación polos Centros

14 de outubro – 25 de outubro de 2019

Realización das enquisas

Graos, Mestrados e titulacións a extinguir

04 de novembro – 20 de decembro de 2019

SEGUNDO CUATRIMESTRE

Planificación

Realización da planificación polo Profesorado

27 de xaneiro – 21 de febreiro de 2020

Realización da planificación polos Centros

24 de febreiro – 13 de marzo de 2020

Realización das enquisas

Graos, Mestrados e titulacións a extinguir

30 de marzo – 08 de maio de 2020

CONTACTO

Área de Calidade

tscalidade2@uvigo.es